




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilanova de Arousa, excepto unha área centro setentrional pertencente a Vilagarcía de Arousa. Parroquias: San Martiño de Fóra de Sobrán en Vilagarcía de Arousa; e San Cibrán de Vilanova de Arousa, Santa María de Caleiro, San Lourenzo de Andrés, Santo Estevo de Tremeoedo e San Miguel de Deiro en Vilanova de Arousa. Extensión: 11,22km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estuario formado por unha estreita entrada que se abre cara ao interior configurando unha lámina de auga de dirección N-S, posiblemente de orixe tectónico, na que se totalizan dous pequenos illotes en resalte debido á meteorización diferencial do substrato granítico. A liña de costa está parcialmente modificada pola presenza do núcleo de Vilanova de Arousa e as súas instalacións portuarias. A área esteira presenta unha chaira intermareal con abundancia de depósitos areoso-lamacentos derivados dos procesos de sedimentación fluvio-mariña. A parte continental do esteroiro é unha gran chaira sucada polo regato de Tarrío e os seus tributarios, con pendentes suaves cara á súa cabeceira onde destacan unha serie de elevacións de característico relevo ondulado granítico como os montes de Lobeira e Alto de Renza.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Nesta unidade apréciase unha clara diferenciación entre materiais respecto da súa idade. Cara ao litoral, a metade oeste presenta un predominio de depósitos cuaternarios: pleistocenos na franxa inmediata á costa, e holocenos, correspondentes a depósitos aluviais e de fondo de valgada, algo máis ao centro, e introducíndose na parte interior da unidade mediante os vales dos principais cursos fluviais. A composición litolóxica da metade interior data de época tardihercínica. Aínda que toda esta área oriental constitúe o Dominio das Granodioritas Biotíticas do tipo Caldas de Reis, a diferenza radica en que Aárea norte presenta anfíbol, e non o fai así o sur.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Recóllese entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por encima de 14°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. O cume do Monte de Lobeira acumula entre 1400mm e 1600mm ao ano, polo que se inclúe no domino Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Solos costeiros na chaira intermareal do tipo sapropel e fluvisoles sálicos e tíonicos nas pequenas áreas de marisma do interior do estuario. Tamén neste sector hai que destacar a presenza do núcleo de Vilanova de Arousa o que modificou os solos orixinais dando lugar a antrosóis. A chaira interior está formada basicamente por cambisols dístricos que dan paso a chans cada vez menos desenvolvidos a medida que se incrementa a pendente na cabeceira da unidade. Por iso nas ladeiras son frecuentes os umbrísols dístrico-lépticos e no alto do Monte de Lobeira son os leptosols líticos os que ocupan a maior superficie.

AS AUGAS

A rede hídrica da unidade recolle a auga dos relevos circundantes por medio de regatos como o de Topedello, ou o da Rocheta, e condúceos a través da chaira litoral, canalizados no regato Tarrío até a desembocadura na zona do Esteiro, en Vilanova de Arousa, onde forma unha baía pechada nas Augas Costeiras 20160 da Ría de Arousa.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída na área de interese para as aves (IA) Contorna mariña das Rías Baixas. Unidade esteira dos bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais, en especial no Esteiro de Vilanova (hábitats 1110 e 1140). Hai que sumar, polas condicións hidrolóxicas do medio mariño costeiro, a presenza do 1210, vexetación anual sobre refugallo mariño acumulados. A nivel continental, a intensa ocupación do medio, tanto dende o punto de vista agrícola como construtivo, impide o desenvolvemento dos hábitats arbóreos autóctonos e de prados hidromorfos. O Rego de Tarrío reúne un fragmentado e estreito bosque de ribeira. Fóra del, só se poden contabilizar pequenas agrupacións, ás veces mixtas, de arboredo de interese en suaves concavidades ou en zonas menos presionadas polos cultivos. Na marxe interior da unidade desenvólvense algunhas formacións mixtas que, parcialmente poderían derivar de antigos soutos (9260, Bosques de Castanea sativa) e carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As excelentes condicións edáficas e climáticas do Val do Salnés posibilitaron o desenvolvemento dunha intensa actividade agrícola. Este feito reflíctese na unidade que aparece ocupada, na súa maior parte, por parcelas dedicadas a todo tipo de labores relacionadas co sector primario: cultivo de hortalizas, froiteiras, viñedos, cultivo intensivo en invernadoiro, etc. Á alta produtividade do espazo agrario únese a riqueza do mar de Arousa o que permitiu o desenvolvemento de actividades marisqueiras xunto a unha industria pesqueira e conserveira asentada na fronte litoral. Esta dispoñibilidade de recursos tradúcese nunha forte ocupación do solo no que as vivendas se estenden, dende a costa até o interior. De menor importancia son os espazos ocupados por monocultivos forestais ou matogueiras localizadas, en xeral, sobre aqueles lugares menos aptos para as prácticas agrícolas.

MORFOLOXÍA

O maior asentamento da unidade é Vilanova de Arousa, núcleo de identidade do litoral, unha vila marifeira de carácter urbano na que a estrutura orixinal cambiará cos anos por medio de sucesivas orlas de crecemento articuladas ao redor da liña de costa. Dende aquí, e seguindo as estradas principais, numerosas vivendas salpican toda a unidade unindo a cabeceira cos núcleos tradicionais da periferia, conformando unha rede de gran groso cuxos alveolos conservan aínda usos agrarios. Pola súa banda o parcelario caracterízase polo pequeno tamaño das explotacións e por non presentar límites artificiais entre as propiedades conformándose unha paisaxe minifundista aberta característica do Val do Salnés.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-550 que comunica Vilagarcía con Cambados atravesa a parte central da unidade, en dirección norte-sur. Dela parten a EP-9702 que percorre a costa, a PO-302 que comunica a Vilanova coa rede xeral, a estrada de acceso á ponte da Illa, e a EP-9703 que se dirixe cara ao curso inferior do río Umia. Cara ao interior, en dirección norte-sur, discorre a vía de altas prestacións VG 4.3, que articula toda a zona conectando Vilagarcía coa Vía do Salnés. Ligado á tradición pesqueira de Vilanova está o seu porto que nos últimos anos sufriu numerosas melloras destinadas a ampliar a súa capacidade. Na marxe dereita do mesmo construíuse un club náutico para actividades de recreo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A presenza de asentamentos nestas terras dende fai centos de anos patente na existencia de restos de antigos castros como o de Cálogo ou Tremoedo ademais de diversas representacións artísticas entre as que destaca o gravado de Maceiras. Depósitos como o de Boutrín e elementos como a Torre de San Fardán completan o patrimonio recolleito nesta zona. Numerosos pazos e casas señoriais xunto con capelas e igrexas completan un interesante patrimonio cultural. Cómpre salientar os numerosos Pazos presentes na unidade. O Pazo de Rúa Novae y o do Cuadrante declarados Ben de Interés Cultural, así como a Torre de Miranda ou de Caleiro. A presenza de patrimonio industrial ven reflexada nas fábricas de salazón existentes na zona portuaria.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A presenza da localidade arousá de Vilanova imprímelle á unidade dun carácter urbano, a pesar do cal, e dado o predominio da actividade agrícola, conserva matices propios do rural. Este espazo caracterízase pola convivencia do aproveitamento dos recursos mariños coa intensa actividade agraria derivada da gran produtividade do solo. Configúrase así unha magnífica paisaxe articulada ao redor da capital municipal no que as vías de comunicación xogan un papel fundamental como elementos integradores.

DINÁMICA DA PAISAXE

O crecemento urbano canalizouse, en gran medida, a base dunha gran dispersión da edificación sobre terreos anteriormente dedicados á súa explotación agrícola. Este incremento de poboación deriva do crecemento económico de Vilanova, vinculado fundamentalmente ao incremento da actividade turística, onde aparecerán novas construcións en altura ao longo da fachada litoral. O desenvolvemento da industria pesqueira tradúcese nunha mellora das infraestruturas portuarias, que ven incrementada a súa superficie debido, principalmente, ao incremento da produción mexilloeira. Para satisfacer as demandas dunha poboación crecente constrúense novas infraestruturas, destinadas a axilizar os intercambios comerciais coas localidades próximas.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Configúrase unha paisaxe de contraste entre o núcleo urbano de Vilanova e a súa contorna costeira, onde ten relevancia a presenza das bateas. Nun segundo plano, o entorno litoral conserva os elementos propios do rural con amplos espazos agrícolas entre os que se sitúan os núcleos rurais iniciais e a edificación dispersa posterior. Como punto de observación debe resaltarse o alto do miradoiro do Santo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



